

JOSÉ MARÍA LÓPEZ FERRO



• CADERNOS DO MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO •

Nº

3

**O OFICIO DE ZAPATEIRO**

OS ZAPATEIROS DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ



Deputación  
DA CORUÑA

TEXTO E ILUSTRACIÓNS ▶ José María López Ferro

FOTOGRAFÍAS ▶ Arquivo fotográfico do Museo Etnográfico Monte Caxado  
José María López Ferro

DESEÑO E MAQUETACIÓN ▶ Laura Decibreiro

IMPRIME ▶ Grupo Imaxina

EDICIÓN ▶ Fundación Museo Etnográfico Monte Caxado, 2020

DÉPOSITO LEGAL: C 2368-2019

Esta obra foi financiada con cargo ao Programa de Subvencións a  
Fundacións e entidades sen fins de lucro da Provincia da Coruña  
para o ano 2020, da Deputación da Coruña.

# ÍNDICE

LIMIAR .....	<b>05</b>
OS ZAPATEIROS. ALGO DE HISTORIA .....	<b>06</b>
ASPECTOS XERAIS .....	<b>09</b>
OS ZAPATEIROS SEGUNDO .....	<b>11</b>
D. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ (XOCAS)	
PEZAS DOS ZAPATEIROS NO MUSEO ETNOGRÁFICO ..	<b>13</b>
A FERRAMENTA, A MESA E O TALLO DE TRABALLO ..	<b>17</b>
O PROCESO XERAL DE FEITURA DUN ZAPATO .....	<b>21</b>
OS ZAPATEIROS NO CONCELLO DE AS PONTES .....	<b>31</b>
DE GARCÍA RODRÍGUEZ E RELACIÓN DE ZAPATEIROS NO SÉCULO XX E PARTE DO XXI	
OS ZAPATEIROS NA CULTURA POPULAR PONTESA ..	<b>67</b>
GALERÍA FOTOGRÁFICA .....	<b>75</b>



## LIMIAR

Comezo este terceiro número dos cadernos do Museo, case no momento de rematar o segundo, e o fago pescudando datos sobre as persoas que traballaron nesta actividade e descubrindo que houbo moitísima xente dedicada a un oficio que, como veremos, estaba moi espallado polo noso concello pontés dende tempo atrás, refírome ao do zapateiro. Requiro información, aproveitando o paseo matutino, a Pepe (Penadocurro) que foi zapateiro, a Benito e a Anxo sobre os que lembraban e cal sería a miña sorpresa que saíron ao redor duns vinte, mentres que eu recordaba uns poucos máis de media ducia.

Comentaba no primeiro número dos Cadernos do Museo que a finalidade dos mesmos era múltiple, por unha banda que sirvan de complemento ao contido do Museo, outra a de facer unha viaxe no tempo para ver como era a vida e as súas distintas actividades diarias, e, unha terceira, que era a de transmitir ás vindeiras xeracións un pasado, aínda próximo, do que foi o xeito de facer dos seus devanceiros para que teñan claro de onde veñen. Pois ben, neste número hai outra máis, tanto ou máis importante, e que penso que tamén vai implícita nas outras, que é a de sacar á luz a un grupo de xente que tivo moito que ver coa historia do día a día do noso pobo pontés, porque fixeron pobo co seu traballo e facer diario; incluso vindo doutros lugares de fóra das Pontes a traballar e vivir aquí (polo tanto ponteses tamén). E para que non nos esquezamos deles, para telos presentes entre nós, aínda que moitos xa morreron, porque formaron e forman parte das nosas vidas e porque foron e son esencia dese pasado inmediato. E sen esquecer tamén ás súas donas, xa que, na maioría das ocasións eran elas as que se encargaban da zapatería mentres o seu home facía ou arranxaba os zapatos, polo que non debemos esquecelas tampouco, pois era unha labor tan importante coma outra calquera. A elas, tamén, o noso recoñecemento.

Por todo, sirva este pequeno e humilde traballo para homenaxe e lembranza destes homes que exerceron de zapateiros e que, moitos deles, axudados polas súas donas tiveron zapaterías no noso concello.

## OS ZAPATEIROS. ALGO DE HISTORIA

Pescudando na historia do calzado ou zapato, atopámonos conque esta profesión xa vén de tempos moi antigos, uns 15.000 anos máis ou menos, cando o home das cavernas comezaba a protexer os pés, amarrando a pel cunha especie de cordón de coiro, ao redor do pé.

O zapato de coiro máis antigo do mundo, data de 5.500 anos de antigüidade, foi descuberto na provincia Vayotz Dzor de Armenia, na fronteira deste país con Irán e Turquía. Está feito dunha soa peza de coiro de vaca, tiña cordóns e estaba feito para encaixar no pé do seu dono.

No referente ao marco social, a profesión de zapateiro pasou por varios períodos; nunha época era vista como un traballo mal remunerado e practicado en moitas ocasións por xente que tiña algunha eiva física que non lles permitía traballos de pé; tamén considerado como un oficio case que malsán, por mor de que asociábase ao curtido das peles e elo traía parello a produción de cheirume; mais noutros momentos, os zapateiros chegaron a formar parte dos oficios máis nobres, especialmente na Idade Media, ocupando lugares de privilexio nos acontecementos da época.

Nesta época do medievo, coma tamén outros oficios, os zapateiros xuntáronse en gremios, corporacións oficiais recoñecidas oficialmente e que contaban cun regulamento e uns estatutos, que atendían ao desenvolvemento profesional do oficio, á súa aprendizaxe, e á relación social e relixiosa dos seus confrades. Tiña cada confraría o seu patrón, ao que lle dedicaban e construían capelas (por exemplo, os zapateiros, a de San Pedro en Betanzos, con capela en Santa María do Azogue, ou a de Santa Catalina en Melide, con capela no Mosteiro de Sancti-Spiritus).

E, hai tres séculos, o oficio de zapateiro, ao igual ca outros artesáns, coma os ferreiros, carpinteiros ou xastres, estaba entre o máis baixo das clases sociais. De feito, o Rei de España en 1783, Carlos III, considerou necesario declarar a dignidade destes oficios mediante unha Real Cédula de S.M. e Señores do Consello, na que se declara que “non só o oficio de curtidor, senón que tamén os demais artes e oficios de ferrador, xastre, zapateiro,


carpinteiro e outros a este modo, son honestos e honrados e que o uso deles non envilece a familia, nin á persoa que os exerce, nin a inhabilitan para obter os empregos municipais da República na que estean aveciñados os artesáns ou mestres que os exerciten”.

Na actualidade, recoñécese como patrón dos zapateiros a San Crispín e Crispiniano, que foron dous irmáns, nobres de orixe romano, que predicaron o Evanxeo no norte de Francia. Traballaban de zapateiros e co que gañaban, practicaban a caridade entre os pobres. A súa festividade celébrase o día 25 de outubro.

A diferenza dos canteiros, afiadores..., os zapateiros non contaron nunca cunha fala propia do oficio.

Con respecto á antigüidade deste oficio no noso concello e á súa primeira mención escrita a podemos atopar no Catastro do Marqués da Ensenada, que xa fai referencia a que este oficio estaba moi espallado nel. (*Segundo o «Catastro do Marqués da Ensenada», feito no ano 1752, residían, entón, no casco urbano pontés, pouco máis de douscentos habitantes e preto de mil no resto do municipio. A maior parte dos ponteses dedicábanse á agricultura e a gandería, mais algúns desempeñaban os oficios de arrieiros, fundidores, zapateiros, carpinteiros, tecedores e ata había un artesán que traballaba a prata*). (Nas páxinas 3378 e 3379 di:

“...a Juan López zapatero por la utilidad deste otros trescientos reales; a Antonio Pérez, también zapatero otros trescientos reales; a Jacinto das Vellas del mismo oficio, quinientos quarenta reales; a Antonio Castro por el referido oficio ciento y ochenta...” Polo que sabemos que no século XVIII este oficio xa estaba implantado no noso concello.



Real Cédula Google Books





## ASPECTOS XERAIS

Aínda que o calzado tradicional foi a zoca e o zoco, nunha Galicia húmida, onde a madeira era o mellor xeito de ter o pé enxoiado e quente, a aparición dos zapateiros supuxo unha evolución no xeito de calzarse o galego e, polo tanto, o pontés.

Foi este un oficio que, coma outros moitos, íase aprendendo estando de aprendiz cun mestre zapateiro durante o tempo que fose necesario para desempeñar medianamente ben o traballo e poder independizarse. Nalgúns casos os aprendices saían adiantados e pronto, ademais de poñerse sos, ensinaban o oficio a outros aprendices.

O oficio de zapateiro é un deses oficios dos que, ao mesmo que cos xastres e costureiras, tradicionalmente, se fixo chanza ou burla e non só entre nós, tamén en todo o resto da zona atlántica (isto é escoceses, bretóns, irlandeses...), e contan cun bo repertorio de chistes, contos, refráns, cantigas que se refiren ao que no seu oficio fai ou deixa de facer, sempre en plan burlón. (Algo disto queda recollido no apartado da nosa CULTURA POPULAR PONTESA). E o motivo destas chanzas era porque os zapateiros (ao igual que xastres e costureiras) traballaban a cuberto, e non se mollaban nin se torraban ao sol, isto é, eran oficios que gozaban dunha certa comodidade con respecto ás inclemencias do tempo que tiñan que aturar os que traballaban fóra, que eran a maioría.



O noso insigne etnógrafo, D. Xaquín Lorenzo Fernández, máis coñecido por “Xocas”, falando deste oficio dos zapateiros dinos o seguinte (Aclaro que manteño a escrita do libro onde o recollín):

## OS ZAPATEIROS, SEGUNDO D. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ (XOCAS)

Anque na actualidade somentes se atopa unha caste de zapateiros, aínda non fai moito que había dúas: os zapateiros de taller e os zapateiros de portal, os primeiros con taller fixo, no que tiñan todo o seu instrumental, eos outros semiambulantes, pois si ben é certo que adoitaban instalárense de cote no mesmo sitio, non é menos certo que toda a súa ferramenta ía coíles e somentel-o costume ou a comenencia os faguía tornar ó lugar habitual que, polo demáis, non adoitaban ter alugado senón que un recanto calquera dunha rúa ou dunha praza lle chegaba para se instalaren.

Naturalmente, o zapateiro de portal tén menos ferramentas que o outro e, por tanto, a súa obra é mais limitada, cinguíndose a arrenxos máis ou menos non sinxelos, no a fabricar il obras de primeira man, pró que non somentes non dispón de meios senón que non adoita ter tampouco os coñecimentos precisos.

O material prós seus traballos mércano nas tendas ou tamén directamente ós curtidores.

Hoxe case desaparecéu a obra prima afogada polas fábricas, e os zapateiros adícanse a arrenxos máis ou menos sinxelos, especialmente a “botar tapas” e a “pór tombas”.

O instrumental é moi característico e variado: coitelas de dous ou tres tamaños pra cortal-o coiro; a chaira pra asental-as coitelas despóis de afiadas na pedra; o martelo pra “batel-a sole” e “abarquillala”, axudándose da croia; as tesoiras pra cortal-o material, máis delgado e brando que a sole; as subelas,, coas que se cose a sole ou o material por meio do fío dado de pez, despois de quental-a derrradeira no lume dun candil de aceite;

os coios, pedriñas pequenas de río pra “batel-as puntadas”; o bicho ou troquetas, tanazas curvas pra estiral-a sole; a grosa e a escofina pra rematar darredor o priso do calzado; o martelo pra craval-a sole; a costa, a roleta, o ferro de vivos, as patas de cabra, a bisagra, e o pau de escofinal-a goma, pra retocal-as beiras da sole, etc.

Comprétase a ferramenta con tanazas, agullas prá goma, formas, tiraformas, sacabocados, remachador pra remachal-os ollás e grefe prós corchetes, estenacilla, compás, bigornia, dedil, manopla, tirapé ou estribeira, mandil, etc.

A introdución da goma no calzado fixo aparecer algún instrumental novo: atal é a agulla prá goma e a roda pra “esmerilala”, roda feita moitas veces polo mesmo zapateiro.

O calzado comenzan a faguelo pola parte de riba. Cortan as pezas de material e colócanas na forma do grandor preciso; logo, pola beira inferior, suxétanas con cravillos e, seguidamente, poñen as solas, que cortan, baten e abarquillan previamente, coséndoas coa subela. Despois, escofinan, pasan os ferros de vivos, a pata de cabra, etc. e sacan a forma co tiraformas.

Remátanse faguéndolle os buratos prós mallós, con ollás ou corchetes ou sen iles, e retocanco o conxunto.

Os zapateiros fan tamén chancas; lévansellel-os paus e iles poñen, pola súa man, o resto, isto é, a parte de coiro.

Pola semellanza que tén co seu oficio, arrenxan e fan outra chea de cousas de coiro: gobernan albardas,, poñen febillas a tiras de coiro pra faguer cintos, confeccionan cinchas, etc.

Os zapateiros de portal levan a súa ferramenta nun caixón cunha correa que pasan polo hombreiro e que logo utilizan coma mesa de traballo, o mesmo que fan os cantorleiros e os zarralleiros, xa que, coma iles, son ambulantes.

OS OFICIOS. XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ (XOCAS).  
CULTURA POPULAR. BIBLIOTECA BÁSICA DA CULTURA  
GALEGA- ED. GALAXIA.

## PEZAS DO ZAPATEIRO NO MUSEO ETNOGRÁFICO.

Dentro do Museo Etnográfico e na zona dedicada aos oficios, temos unha sección dos zapateiros e que conta cunha mesa de taller ou banquilla e un tallo doados, desinteresadamente, por D. Raúl Bellas Carreiras, asemade pode verse variada ferramenta doadas por D. Raúl Bellas e outros zapateiros da zona; tamén varias mostras de zapatos de muller e de home, feitos por zapateiros pontequeses. E contamos cunhas polainas de coiro, que se poñían para protexer as pernas, e que eran axeitadas para ir ao monte, montar a cabalo, ir á caza... feitas tamén polos zapateiros, como tamén o eran cintos, correaxes, cinchas, carteiras, bolsos, etc., pois traballaban o coiro facendo todo tipo de útiles que eran deste material.



Botíns de muller.



Botas de fuelle.



Polainas de coiro.



Bolso e carteiras de coiro.



Protectores dos zapatos das mulleres.



Mandil de badana.

Outra peza moi curiosa e que chama a atención dos visitantes cando se lles explica para que era, son uns protectores dos zapatos das mulleres. A finalidade dos mesmos era poñelos cando se ía aos bailes. Limpábanse ben os zapatos e poñíanse por riba deles, deste xeito os zapatos non se ensuciaban polo camiño e, á entrada do baile, sacábanse e entrábase no local cos zapatos limpos para bailar. (Nos que temos no Museo, pódese ver que estaban marcados –“derecho, izquierdo”– para facilitar a súa colocación, pois ao carcer dunha sola ríxida, non se apreciaba moi doadamente cal era o dereito e cal o esquerdo).

E outra, tamén importante, é o mandil de badana, que o zapateiro vestía, poñéndoo por diante para non mancharse a roupa e a xeito de certa protección, polo uso de ferramenta cortante.

Este oficio sempre estivo unido a outros dous, o de curtidor e o zoqueiro; o primeiro, era o que lle proporcionaba o coiro para os zapatos, aínda que algúns zapateiros curtían eles mesmos as súas propias peles (coma no caso de Melide, onde a súa Confraría tiña as súas pías e muíños para moer a casca, como nos lembra a Rúa da Moa, onde estaba situada); e, o segundo, o que lle facía as chancas de madeira para os zocos. Nalgúns casos, o zoqueiro evolucionou a zapateiro co paso do tempo; nun proceso que eu diría case lóxico, pois pouco a pouco zocas e zocos foron usándose cada vez menos e máis os zapatos.

Os zapatos que se facían eran zapatos de becerro, botinas, zapato baixo... ben encargados á medida ou para vender nas feiras.


Outro cuestión a destacar era que todos gastamos dun lado, ou de diante, ou de atrás os zapatos. Para que durasen máis os zapatos e non se deformasen por esta cuestión, empregábanse as punteiras e as defensas

principalmente nos zapatos dos homes e as tapas e punteiras para os das mulleres.


E non quero rematar este apartado sen facer unha mención especial aos zancos, que aínda que non se poden considerar un calzado, hai que dicir que o seu emprego era usual. Isto debíase a que, nos meses de inverno, os camiños estaban enlamados e para non mollar os pés, empregábanse con frecuencia. Son dous paus altos que tiñan sendas gallas sobre as que se aseguran e ata atan os pés.

O seu uso foi perdéndose e quedou relegado aos xogos de habilidade e equilibrio.

Defensas, punteiras e tapas.




Zancos de madeira, empregados para non mollar os pés nas corredeiras enlamadas no inverno. Hoxe, un xogo popular máis.








# A FERRAMENTA, A MESA E O TALLO DE TRABALLO.



1. Martelo das solas / 2. Martelo / 3. Coitela recta / 4. Coitela curva ou media lúa / 5. Marcador das solas / 6. Subela  
 7. Bruñidor / 8. Ruleta / 9. Bruñidor / 10. Bruñidor / 11. Bruñidor / 12. Subela / 13. Sacabocados / 14. Prensa dos zapatos  
 15. Tiraformas / 16. Bigornia recta / 17. Coios / 18. Bigornia recta / 19. Bigornia curva.



20. Tenaces das tiras / 21. Cunha do pez / 22. Pez / 23. Formas das solas / 24. Forma dos zapatos / 25. Defensas / 26. Tapas / 27. Punteira / 28. Mesa xiratoria / 29. Forma de ferro / 30. Calzador.



Mesa e ferramenta.



Taio do zapateiro.

Imos explicar agora un pouco para que servía ou que se facía, con cada ferramenta.

### **Martelo das solas:**

Empregábase este martelo para bater e abarquillar as solas dos zapatos, axudándose dos coios. Con el cravábanse as as puntiñas para fixar o coiro da zapato á sola.

### **As bigornias:**

Para montar e traballar as solas dos zapatos.

### **Bruñidores:**

Para bruñir ou puír o coiro.

### **Gravador:**

Para gravar a sola do zapato lateralmente.

### **Ruletas:**

Empregábanse para facer os debuxos nos zapatos.

**Subelas:**

Para facer o empallado dos zapatos, que é coser a sole ou o material por medio de fío que se lle deu pez, despois de quentar este no lume dun candil.

**Coitela recta:**

Para cortar o coiro sobrante polo arredor da sola.

**Coitela curva:**

Para cortar as correas e tiras de coiro, rectas.

**Chaira:**

Era unha tira de coiro que se empregaba para asentar as coitelas unha vez afiadas na pedra, Normalmente estaba cravada na mesa de traballo e estendíase cunha man para coa outra, pasar a coitela.

**Coios:**

Para amolecer o coiro dos zapatos e as puntadas.

**Llergas:**

Para facer as solas dos zocos, as chancas.

**Pinzas ou tenaces:**

Para tirar polas viras no montaxe dos zapatos.

**Remachadora:**

Para poñer os remaches.

**Sacabocados:**

Para facer furados nas tiras de coiro (cintos, correas...) e para facer os buratos para os amallós dos zapatos, este buratos levan ollais para pasar os amallós.

**Ferro ou tiraformas:**

Para sacar ou tirar as formas de madeira do zapato, unha vez traballado.


**Azuelas:**

Para escavar as solas dos zocos ou chancas.

# O PROCESO XERAL DE FEITURA DUN ZAPATO

Coa axuda de D. José Castro Polo (Pendadocurro), imos ver o proceso xeral de confección dun zapato axudándonos de fotografías, para ver graficamente a feitura dun zapato. (Aclarar que non están todos os pasos, mais si os principais).

1/ O primeiro paso é a toma de medida do pé, faise unha plantilla da planta do pé e mídese, coa axuda dun metro, dende a parte dianteira (onde comezan os dedos) ata o calcaño (parte traseira) e pola parte media (onde o empeite). Así o zapateiro terá unha medida bastante aproximada do noso pé. Despois repítese a operación no outro pé, pois a maioría temos un pé máis grande co outro.



Logo, viña (a broma gastada polos zapateiros cando había confianza) a pregunta ao cliente: - Estás disposto a pagalos?

2/ Procedíase a continuación, a coller unha forma coa medida aproximada do pé. Poñíase o empeite axeitado e, coa axuda de suplementos, axustábase a forma o máis posible á medida do pé do cliente.



3/ O paso seguinte consistía en poñerlle unha sola, ou fondo interior do zapato, na forma. Proceso que se facía coa axuda dunhas puntiñas e o martelo das solas.



4/ A continuación (unha vez fixada a sola á forma) coa axuda da coitela, procedíase a cortar e retirar o sobrante da sola todo arredor da forma.




5/ Viña logo o cortado do coiro para a parte superior do zapato, proceso que se facía coa axuda dunas plantillas. Primeiro marcábase no coiro e no forro as distintas partes e logo procedíase a cortalas e coselas. Cousa que se facía a man e, máis tarde, con máquinas de coser. Tamén, posteriormente, houbo casas que mandaban xa o coiro e forro cortados e cosidos.



6/ Pasándose despois a colocar o contraforte traseiro na parte traseira, entre o forro e o coiro do zapato e que irá en contacto co calcañar.







7/ O paso seguinte era montar o zapato na forma, primeiro fíxábase a parte traseira do mesmo con unha puntiña, mellor metida na costura para que non se notase o cravado. E así íase fixando todo arredor o forro coa sola coa axuda das puntiñas, das tenaces das tiras e do martelo das solas.





8/ Co forro xa montado, o paso seguinte era poñer o contraforte dianteiro entre o forro e o coiro. Polo xeral, ía pegado ao forro e aplicábaselle calor para que adoptara e aguantara a forma.




9/ Logo pasábase ao proceso do empalmillado, mais antes había que preparar o fío. O proceso era o seguinte: 1º Para facer o fío de empalmillar había que empregar nove fíos. Tomábase o primeiro fío e medíase por brazas, logo rompíase dunha xeito que era premelo coa man e xiralo en sentido inverso, logo tirábase e xa rompía. Repetíase o proceso ata ter os nove fíos iguais. 2º Uníanse as puntas, collíase o primeiro fío e uníase o segundo, mais situando a súa punta un chisco máis atrás da primeira. E así o terceiro, tamén un pouco atrás da segunda punta, o cuarto o mesmo... ata o noveno. 3º Dábase un pouco pez nas puntas. 4º Viña logo o torcido dos nove fíos, para facelo collíase a punta coa man esquerda e coa dereita íase envolvendo o fío arredor da man esquerda, cando se remataba tirábase pola punta que se collera ao comezo. Esta operación repetíase entre 7 ou 8 veces e xa estaba o fío retorcido. 5º Logo, dábaselle pez a todo o fío.




(Para preparar o pez collíanse tres partes de cera virxe, unha parte de resina de pino e 1 culler de aceite de oliva, aproximadamente. Primeiro derretíase a cera coa resina, logo engadíase o aceite para facer a pasta máis maleable. Removíase ata que estivera ben mesturado todo. Despois nun caldeiro con auga botábase o líquido da mestura e cando arrefriaba collíase coas mans e traballábase estirando e xuntando e volvendo a estirar, ata que fose elástica e non rompese e facendo unha bola de pez).


6º Enfiábase a agulla do seguinte xeito: Crávase primeiro a agulla no fío, unha, dúas e ata tres veces, logo métese o fío polo ollo da agulla e tírase desta e do fío e xa non se vai.



10/ O empalmillado consiste en coser unha tira polo fondo do zapato todo arredor e faise coa agulla, o fío con pez e coa axuda dunha subela, coa que se vai facendo o furado para meter a agulla co fío, que atravesa a tira e o fondo do zapato, uníndoos.



Para que o zapato non se dobrase, metíase a “cambreira” (anaco metálico ríxido) que ía na ponte do pé. Os zapatos de tacón das mulleres tíñano que levar sempre.



11/ Unha vez posta a cambreira, recheábase o fondo do zapato de cortiza ou cartón. Logo pegábase-lle o fondo ao zapato, este fondo era de coiro.

12/ Con xa o o zapato empalmillado, a cambreira e o recheo, e co fondo posto, procédese a poñer a sola. A sola pode ir pegada ou cosida, polo xeral vai cosida xa que o zapato será máis resistente.


O proceso consiste en cortar un coiro para a sola e recortalo coa axuda da coitela recta. Logo procedíase ao cosido, para o que, o zapateiro, axudábase dunha subela para furar e poder pasar mellor o fío coa agulla. Traballo que se facía todo o arredor do zapato ata rematar.



13/ Para rematar poñáselle o tacón, normalmente de tres pezas. A primeira pegábase e cravábase con dúas puntiñas diante e unha atrás. As outras dúas pezas ían pegadas, pero na última, a tapa, cravábase con puntas todo arredor, que atravesaban a segunda e chegaban á primeira peza, para deste xeito facer un corpo único.



14/ Por último, sacábase a forma coa axuda do tiraformas e o zapato estaba rematado e listo para calzar.



O meu agradecemento a D. José Castro Polo, polo seu inestimable traballo neste proceso de elaboración dun zapato.



# OS ZAPATEIROS NO CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ. RELACIÓN DE ZAPATEIROS PONTESES NO SÉCULO XX E PARTE DO XXI

Imos aportar algúns datos da biografía destes homes que exerceron o oficio de zapateiro no noso concello, e nos que poderemos observar como se iniciaban de aprendices con outros que xa levaban anos exercendo o oficio e logo, cando xa collían experiencia, continuaban sos.

Non están todos os que deberan, nin os que foron. Imposible atopar datos de todos, porque dalgúns nin familias hai que os poidan aportar, porque sería un traballo extenso e a revista está limitada a un número de páxinas e porque coa pandemia o tempo para falar coa xente tamén estivo limitado. É unha representación mínima, xa que foron moitos os que exerceron este oficio no noso concello e, como dicía, xa no Catastro do Marqués da Ensenada os mencionaba. Os relacionados exerceron o seu oficio no século XX e parte do XXI. Si engadirei ao final nomes doutros que poderían e deberían estar tamén neste traballo e, seguro, que me quedarán moitos máis.

Van relacionados alfabeticamente polo seu primeiro apelido.

Nas Pontes había dous tipos de zapateiros, o remendón que se dedicaba só a amañar os zapatos, mais non a facelos e algúns tiñan un pequeno taller e outros habilitaban unha parte da casa; e os zapateiros artesáns que facían zapatos, vendíanos e tamén os amañaban; polo xeral, tiñan taller e zapatería no mesmo local, en moitas ocasións debaixo da vivenda.

1/ D. JOSÉ MARÍA ALÉN RAMOS (PEPE DA CASANOVA)

Naceu no lugar de A Casanova, As Pontes de Gª Rguez., era fillo de D. Jesús Alén Martínez e de Dona María Ramos Carballo. Foron cinco irmáns: Jesús, María, Carmen, José María e José Antonio.

Na súa nenez estudou no Escolar de Santa María. Logo foi de aprendiz do zapateiro D. Manuel Castro Romero (Penadocurro), e cando xa se defendeu no oficio, pasou logo a traballar con Pepe Paxón.

No Servicio Militar tamén exerceu de zapateiro arranzando o calzado (botas) dos soldados.

Cando regresou montou o seu taller de zapatería na Vila, en Tras da Ponte.

Casou con Dona Esther Cal e tiveron dous fillos: Jesús e María José.

Andando o tempo, enfermou e morreu, continuando a súa dona, Esther, arranzando os zapatos no taller de Tras da Ponte, polo que ela tamén debera estar presente coma un zapateiro (neste caso zapateira) máis neste traballo.

D. José María Alén Ramos e Dona Esther Cal



D. José María Alén Ramos



Dona Esther Cal





## 2/ D. LUÍS CABALEIRO

Naceu na Vilavella (As Pontes de G<sup>a</sup> Rguez.) o 21 de xuño de 1933. Fillo de D. José Cabaleiro e de Dona Remedios Losada (cubana de nacemento).

Aprendeu o oficio con D. Manuel Castro Romero (Penadocurro) que tempo despois sería o seu sogro. Unha vez aprendido o oficio, puxo zapatería na súa casa, despois a tivo no no Rego do Muíño.

Casou con Dona Carmen Castro Polo e tiveron cinco fillos: Manuel Luís, M<sup>a</sup> Cruz, Pilar, Carmen e Mariam.

Deixou a zapatería e marcharon para Ferrol, traballando primeiro na construción, logo na impresora do Diario de Ferrol e, por último, puxo unha librería a Rúa San Francisco de Ferrol ata o seu retiro. Morreu o 20 de febreiro de 2006.

D. Luís Cabaleiro





D. Constantino Raúl Bellas Carreiras

### 3/ D. CONSTANTINO RAÚL BELLAS CARREIRAS (RAÚL)

Naceu o 3 de marzo de 1928 no lugar de Tras da Serra - O Freixo, As Pontes. Fillo de D. Ramón Bellas Ramil de de Dona Pilar Carreiras Pita. Foi o oitavo de nove irmáns (7 homes e 2 mulleres): Ramiro, Pedro, Gervasio, Antón, Clemente, Domingo, María, Raúl e Matilde.

De pequeno, como el di, escola pouca e traballo moito; como era habitual naquela época. Ía con seu pai a facer as travesas ao Caxado, a Fraga Gorda... e logo levábanas As Louseiras (Muras) onde as collía o camiión. Nun destes viaxes co carro cargado de 10 travesas, a roda do carro pasoulle por riba do pé. Como era normal naquela época, curouno sen ir ao médico, con menciñas caseiras e naturais. Aínda así o problema quedoulle e foi o motivo de que librara da mili.

Antes de aprender o oficio, estivo tratando carneiros para traelos a vender á feira. Como non tiña cartos para pagalos, fiábanllos ata que os vendía e el quedaba cunha pequena ganancia. Tamén fixo bailes nocturnos, traendo un acordeonista, Preto do Caneiro, e facía xogos de bolos de pan, que consistía en participar nunha especie de sorteo coas cartas da baralla, o que sacaba o as de ouros era o que levaba o bolo de pan.

No ano 1945, cando tiña 17 anos, decidiu aprender a zapateiro, indo a tal fin para San Pantaleón de Cabanas (Ouro) cun zapateiro chamado D. Francisco Pernas. Foi durante tres invernos, xa que nos veráns tiña que axudar no traballo da casa. Cada fin de semana, que era cando viña á casa, tiña que levar a comida para manterse o resto da semana. Tamén ía co mestre zapateiro a Viveiro, aos chicharros e traíanos para a casa, poñíanos a curar e secar coma se fose bacallau e logo os xantaban con cachelos.

No ano seguinte a rematar de aprendiz, ano 1948, monta un taller na súa casa en Tras da Serra, facendo zocos de encarga e traíaos a vender á feira a As Pontes e tamén zapatos. Os primeiros zapatos que fixo de encarga, lembra que foron para Vitorio de Sangoñedo. E, na súa casa, traballou exercendo no oficio ata o ano 1955, ano no que virá para As Pontes de G<sup>a</sup> Rguez. instalando o seu taller no baixo da casa de Carme do Freixo, onde tamén vivirá. A conta de moito traballo foi saíndo para diante pouco a pouco.

Casou o 19 de novembro de 1960 con Dona Margarita Rodríguez López, coa que tivo tres fillos: Manuel, Raúl e Vicente.

No ano 1961 pasou a outro local alugado na esquina da Rúa Vilalba. Alí puxo a zapatería diante e o taller detrás. A súa dona era a encargada de atender na zapatería. Posteriormente a súa dona puxo un taller de costura, tiña rapazas con ela cosendo. El seguiu atendendo a zapatería e no taller.

Ensinou o oficio a Manuel de Murgrás e a Manuel Ramudo da Xestosa, ámbolos dous de Muras. A Suso Fernández, que hoxe vive en Panamá e a Rodrigo Pernas da Coriscada, tamén de Muras. Chegando a estar traballando no taller, nalgún momento, ata tres xuntos. Outro que estivo foi con el foi Leopoldo, que xa era zapateiro, e atendeulle o negocio cando se tivo que operar no ano 1966 e durante a recuperación. A operación tivo que facela por particular, pois a pesares de pagar a Seguridade Social non había seguro. Neste tempo, a muller de Raúl atendía á zapatería, tiñan un neno de 4 anos.

Cando se recuperou, estivo de alguacil no Xulgado de As Pontes, alí traballou 7 meses e pagáronlle 4. Logo volveu á zapatería.

No ano 1979, mercou o local que sería a súa zapatería e o seu taller, na Avda. de Ortigueira N° 6 hoxe, antes era o 2. No ano 93 xubilouse, máis como a muller era máis nova, seguiu axudándoa doce anos máis ata xubilarse tamén ela.



Dona Margarita Rodríguez López e D. Constantino Raúl Bellas Carreiras

D. Constantino Raúl Bellas Carreiras na zapatería



#### 4/ D. JOSÉ CASTRO POLO (PENADOCURRO, FILLO)

Naceu en As Pontes de García Rodríguez, o día 15 de maio do ano 1942, na Avda. do Xeneralísimo, actual, Avda. de Galicia, número 47. Os seus pais, D. Manuel Castro Romero e Dona Carme Polo López. Tivo catro irmás: : Maruja (que morrería sendo unha nena), Carmiña, Fina e Maruja (que levaría o nome da súa primeira irmá, que xa morrera cando ela naceu). El foi o cuarto, isto é, entre Fina e Maruja.

Aos sete anos foi ao Grupo Escolar (actual Santa María), a escola de D. Pablo, durante tres anos, obtendo o graduado escolar. Logo pasou ao colexio Nebrixa, onde estudou outros tres anos, pasando despois á escola de aprendices da Empresa Calvo Sotelo onde estivo catro anos, tres na escola e un na fábrica. Marchou para a zapatería do seu pai, aprendendo o oficio e facendo zocos, zapatos e reparándoos durante un ano aproximadamente. Pasando logo a traballar cos Armeiros e logo nunha empresa de carrocerías na Coruña. Marchou logo ao servizo militar, estando destinado en Jaca (Huesca), durante 18 meses. Rematada a mili, foi para a Bañeza (León), onde traballou durante seis meses.

Casou con Dona Pura Leal Puentes o 20 de xuño de 1966 e marcharon emigrados a Suíza, alí tiveron dúas nenas, Pura e María do Carme, traballaron neste país durante 30 anos, ata que lles chegou a xubilación. Na actualidade, retornados, viven nas Pontes.

D. José Castro Polo na escola



D. José Castro, na mili en Huesca.





D. José Castro Polo na Escola de Aprendices da Calvo Sotelo



Dona Pura Leal Puentes e D. José Castro Polo

D. José Castro Polo e Dona Pura Leal Puentes





D. Manuel Castro Romero

### 5/ D. MANUEL CASTRO ROMERO (PENADOCURRO)

Naceu un 23 de marzo do ano 1911, no lugar de Penadocurro-Gondré, As Pontes de García Rodríguez. Fillo de solteira, a súa nai chamábase María Andrea Castro Romero. Tivo outro irmán máis pequeno ca el, José Castro Romero.

A súa vida, foi de labrador, traballando as terras no lugar de Penadocurro, topónimo polo que logo sería coñecido nas Pontes, a donde veu no ano 1932 e onde estaría aprendendo a zapateiro con D. Andrés de Ourense, aproximadamente dende 1932 a 1935. No baixo de Andrés de Ourense estaban Andrés, Manuel e, Bouza o reloxeiro. Tiñan como tres seccións distintas no local, aínda que sen separacións. Despois poñeríase só na Estrada de Castela, posterior Avda. do Xeneralísimo e, actual, Avda. de

D. Manuel Castro Romero e Dona Carme Polo López.



D. Manuel Castro Romero (3º pola esquerda) e Dona Carme Polo López (sentada), con parte dos seus fillos e outros familiares.





D. Manuel Castro Romero na zapatería

Galicia; primeiro, preto do Encanto e, despois da guerra, no número 47. Nesta zapatería facía zocos, zapatos e reparábaos.

Casouse no ano 1935 con Dona Carme Polo López, natural do lugar de Framil-Piñeiro-Xermade, coa que tivo varios fillos: Maruja (que morrería sendo unha nena), Carmiña, Fina, Pepe e Maruja (que levaría o nome da súa primeira irmá, que xa morrera cando ela naceu).

Con Manuel Castro Romero aprenderon: Paxón, Polo, Julio Bellas, Constante, Belarmino, Luís Vilavella, José Castro, Benedito da Guedella, Graña (que non traballaría despois como zapateiro) e Luís Cabaleiro (que sería o seu xenro, andando o tempo).

## IRMÁNS CRIADO. D. JOSÉ E D. MANUEL CRIADO DOBAL



### 6. D. JOSÉ CRIDADO DOBAL

Naceu na Cabeza dos Fornos, concretamente, na Cruz dos Fornos, un 17 de novembro de 1933. Fillo de D. Jesús Criado Silva e Dona Adelaida Dobal Soengas, foi o cuarto de cinco irmáns: Jesús, Carmen, Manuel, José e Ofelia.

Iniciouse no oficio de zapateiro cando tiña 19 anos co seu irmán Manuel e traballaban na casa vella dos de Dios, no Rego do Muíño.

Cando marchou para o Servicio Militar o oficio serviulle para librar de instrucións e de gardas, pois mentres os demais as facían, el arraxaba as botas dos soldados.

Estando no servicio militar, sobrevenlle unha pleuresía e ten que ser ingresado no hospital. Cando sae do hospital, vai para o grupo de automóbiles. Un comandante, ao saber que tiña o oficio de zapateiro, chámalo e preguntalle se sería quen de poñerlle caña alta ás botas. El dille que sen librar de servicios non o podería facer. O comandante rebaixouno de calquera clase de servicio. E púxolle caña alta as botas e mais fíxolle uns zapatos novos.

D. José Criado Dobal





Á volta do Servicio, volve a traballar co seu irmán e no ano 1961 entra na ENCASO (Empresa Nacional Calvo Sotelo), en servicios xerais. Logo pasaría a axudante nos camións do nitramón, durante dous anos. Despois sacou o carné de conducir e pasou a conducir un coche vello e facendo os encargos e recados que lle mandaban. E lembra coma nunha ocasión quedou sen freos na mesma Coruña, pois o coche estaba moi vello. Logo pasou a conducir un camiión ata a súa xubilación.

Casou no ano 1964 con Dona Rosario Prieto Romero e tivo dous fillos, Javier e José Manuel.

## 7. D. MANUEL CRIADO DOBAL

Nado na Habana (Cuba), un 16 de xullo de 1931, fillo de D. Jesús Criado Silva e Dona Adelaida Dobal Soengas. Foi o terceiro de cinco irmáns: Jesús, Carmen, Manuel, José e Ofelia.

Cando tiña un ano de idade, os seus pais deciden retornar de Cuba para Galicia e establécense no lugar do Aparral, onde fan unha casa e alí transcorre a súa nenez.

A escola a tiña na casa, pois un mestre que había no Aparral paraba e poñía escola na súa casa; gustábanlle moito os problemas de matemáticas. Ao mesmo tempo tamén axudaba aos pais nos traballos diarios.

Aos 17 anos vén para As Pontes a aprender o oficio de zapateiro. Primeiro foi de aprendiz con D. Antonio Polo e, de alí a un tempo, cando xa se defendía pasou a traballar na zapatería de D. Rodrigo López.

Aos 25 anos (ano 1956), decidiu establecerse pola súa conta e montou o seu propio taller de reparación de calzado, nun pequeno local, situado no Rego do Muíño, tendo varios operarios e aprendices ao longo da súa traxectoria (o seu irmán, D. José Criado Doval; o seu cuñado, D. José Pena Adegas; D. Leovigildo Corrales, D. Manuel...).

Uns anos máis tarde, decidiu emprender no tema do comercio dos zapatos e separa unha parte para taller de reparación e a outra para a venda do calzado ao por menor.



D. Manuel Criado Dobal





Dona María Pena Adegá

Casou en agosto de 1962 con Dona María Pena Adegá que era natural de Ribadeume e que na súa xuventude dedicouse a coser e confeccionar roupa, xa que aprendera o corte e confección en Xubia.

Dona María Pena, deixa o seu oficio de costureira e axuda ao seu home atendendo a venda do calzado e, tamén, moitas veces no taller, limpando o calzado.

Tiveron unha filla, D<sup>a</sup> María do Carme Criado Pena.

Ao pouco de casar, D. Manuel, compra un pequeno camión furgón para desprazarse a feiras e mercados a vender zapatos.

O negocio ía aumentando e o local facíaselles pequeno, polo que en 1968, decidiron cambiarse de local a outro máis grande e de recente construción, na mesma rúa, mais na outra beira da estrada, no Rego do Muíño, N<sup>o</sup> 33. Na que establecen a súa zapatería, vendendo zapatos e artigos de pel. E tamén terá o taller de reparación. Facía zapatos e botas feitas a man, a medida e por encarga, cosidas e pegadas; botas de coiro cubertas con goma, cintos e, ás veces, bolsos.

Dona María Pena Adegá e D. Manuel Criado Dobal.



No ano 1969, como ampliou o número de feiras e mercados aos que ía, mercou un novo camión máis grande, encargando un furgón con estantes para levar a mercadoría e baldeiras que que abrían cara diante, e xa quedaba a xeito de toldo co mostrario colocado para facilitarlle o traballo. Chegou a facer varias feiras ao mes nas provincias da Coruña e Lugo. Mentres a súa dona lle axudaba co comercio. El cando viña das feiras, aínda atendía o negocio, traballaba no taller e levaba a contabilidade.

No ano 1970, encargou que lle fixeran unha prensa para montar e vulcanizar as botas e os zapatos, coa finalidade de facelos en pouco tempo. Nas máis das veces, tamén facía os seus propios patróns para facer os cortes de botas de cremalleira e sandalias.

Dinos súa filla, Mari, que foi un home traballador, creativo e polifacético, que, nos seus ratos libres, aínda fixo cursos de comercio e redacción comercial por correspondencia, que lle gustaba moito ler libros e facer problemas de matemáticas.



D. Manuel Criado Dobal

Cortes para as botas



Prensa de bulcanizar





Mari na tenda

Nos anos 1978-1979 deixou as feiras e mercados para atender o comercio e facer botas de encarga e algunha reparación. E máis adiante, deixa a reparación e dedícase só ao comercio, á venda. No 2011, o comercio pasou a ser rexentado pola súa filla María do Carme, que xa o viña facendo conxuntamente co seu pai, tamén como autónoma.

D. Manuel tivo dous netos, Estefanía e Edgar Fachal Criado e unha bisneta, Icíá Pita Fachal.

Familia Criado Pena



## 8/ D. MANUEL FELGUEIRAS SOTO

Naceu en As Neves-Ortigueira, o 19 de novembro de 1927. Era fillo de Amadora Felgueiras.

Foi a escola nas Neves. Os seus avós non querían que fose tanto, mais a súa nai sempre buscaba a maneira de mandalo o máis posible, moitas veces facendo ela traballos que lle encargaban a el. Despois, xa de maior, chegou a dar clase el a varios veciños e familiares.

Durante a xuventude, aprendeu a carpinteiro co seu tío, indo con el a traballar en distintos lugares da zona. Tamén aprendeu a facer zocas e ía ás feiras a vendelas.

Librou de facer o Servicio Militar por se fillo de nai solteira.

Traballo tamén algo de albanel e cando casou e se instalou nas Pontes, no ano 1957, traballou en TYSA, na construción da fábrica Calvo Sotelo.

D. Manuel Felgueiras Soto e Dona Felicitas Sanjurjo Hermida



Casou o 27 de xullo de 1957 con Dona Felicitas Sanjurjo Hermida. Tiveron dúas fillas, María del Pilar e María del Carmen Felgueiras Sanjurjo.

Un tempo despois, a súa familia política, decidiu facer o edificio onde se atopa “La Estrella” e foi el o que fixo de capataz, xefe de obra e albañel. Cando o edificio estivo rematado, o matrimonio, xunto con David Sanjurjo, abriron o establecemento “La Estrella”, situado na Avda. da Coruña, Nº 14 - baixo, no que eles vendían roupa e artigos para o fogar.

Manuel aprendeu con David a amañar os zapatos e mentres este facía calzado á medida, Manuel, arraxaba os zapatos que levaba a xente para reparar. Traballaban nun pequeno apartado do baixo,

Co despegue industrial de As Pontes, o comercio foi necesitando máis dedicación e deixou de amañar o calzado, seguindo detrás do mostrador ata a súa xubilación. A súa dona, tamén traballo man a man no comercio con el ata a súa xubilación.

Familia Felgueiras Sanjurjo





Familias Felgueiras Sanjurjo e Sanjurjo Paz

## 9/ D. JOSÉ FERNÁNDEZ PAJÓN (PEPE DE SIXTO)

Naceu o 5 de xuño de 1921, en As Pontes de Gª Rguez. Os seus pais foron D. Sixto Fernández Ternreiro e D<sup>a</sup> Josefa Pajón Rouco. Foi o primeiro de dous irmáns, Pepe e Antonio (Toñito).

De pequeno, foi a escola de D. Pablo. Tamén coma o seu pai era o sacristán, el axudaba nos traballos da igrexa (monaguillo, etc.).

No ano 1940 fixo o Servicio Militar en Ferrol, onde estivo case catro anos. Cando lle daban permiso, viña e ía na bicicleta.

D. José Fernández Pajón no Servicio Militar



Aprende o oficio sendo aprendiz de D. Manuel Castro Romero.

Ó volver da mili, dedicouse a facer zapatos por encarga e a reparalos no taller que tiña na Vila, na casa dos seus pais. Alí traballaba con Andrés “o xorobado”. E así botou algúns anos ata que se casou no ano 1948, con Dona Concepción Guerreiro Barro (Concha).



Dona Concepción Guerreiro Barro e D. José Fernández Pajón

Diante da zapatería vella



Diante da zapatería nova



Posteriormente alugou o Nº 9 da Praza do Hospital e trasladou alí o seu taller de zapatos. Traballou con el Ramón, Leopoldo, Ruca... Logo, no baixo do lado, fundou a tenda: “Calzados Pajón”, que atendía xunto coa súa dona. Logo, pouco a pouco, foi deixando a reparación de calzado para centrarse na venda.



## 10/ D. ANDRÉS GÓMEZ ÁLVAREZ (ANDRÉS DE OURENSE)

Naceu en Nogueira de Ramuín (Ourense), polo ano 1911. Cando foi mozo, exerceu o oficio de afiador, coma tantos outros paisanos da “terra da chispa”; e coma tantos outros sae polo mundo a exercer o seu oficio, chegando a As Pontes no ano 1930, onde se establecería xa permanentemente.

Era un home moi habelencioso, que sabía facer de todo. Nas Pontes seguiu afiando e, ao mesmo tempo, foi comerciante, poñendo un establecemento ou comercio no que era a Praza de Cervantes (Hoxe Praza do Hospital) N° 20, isto é, no baixo da casa da Xorda, que logo tirarían para ampliara o acceso a Avda. da Habana. Neste comercio facía de todo (afiaba coitelos, tesoiras..., arranxaba paraugas, reparaba zapatos...) e vendía de todo (paraugas, agullas, maquinillas de afeitar, máquinas de cortar o pelo, toallas...).

Casou con Dona Manuela Pico Nieto e tiveron tres fillos: Carmen, Andrés, Felisindo (Nené, o xogador de fútbol pontés) e Manuel (Lolo).

El foi o que insinou a D. Manuel Castro Romero o oficio de zapateiro.

D. Andrés de Ourense, cos seus fillos, Andrés (esquerda) e Felisindo (no medio), diante do seu comercio e co xénero disposto para vender o día da feira.



D. Andrés Gómez Álvarez (Andrés de Ourense)



## 11/ D. JOSÉ LAMIGUEIRO FORNOS (RIBADEUME)

Un 9 de xuño de 1916, nace no lugar da Carreira-Ribadeume, D. José Lamigueiro Fornos. Fillo de solteira, a súa nai chamábase Dona Rosenda Lamigueiro Fornos. Máis tarde, a súa nai casouse e foron vivir á Villerma-Ribadeume, alí tivo tres fillos máis. Neste lugar criouse dentro dunha familia grande, pois o seu padrasto xa estivera casado en dúas ocasións anteriores e xa tiña cinco fillos das outras dúas mulleres que tivera. Dedicábanse á agricultura, tiñan cabalos e un touro semental.

O seu padrasto, sempre o tratou moi ben e non fixo diferenza cos seus fillos, foi un máis. Aos 9 anos xa viña a As Pontes a buscar o correo, segundo contaba, sempre o mandaban a el porque era o máis rápido en volver.

Contaba que para ir á escola, tiña que remudarse co seu irmán Maximino, pois un dos dous sempre tiña que quedar na casa para axudar á súa nai. O mestre era de Cabañas e o fin de semana marchaba a pé para a súa casa, dende Ribadeume.

Pola aquela época, Ribadeume pertencía ao Concello da Capela e que posteriormente pasou ao de As Pontes.

Aos 16 anos comezou co oficio de zapateiro, empezou aprendendo con D. Jesús Blanco Castro, que tiña zapatería nas Pontes. Ensinoulle o oficio de facer zapatos e botas, que logo ían vender ás feiras de Moeche, San Clodio, Grañas, Viveiró, A Barqueira, As Grañas, A Toca, As Pontes...

Sobre o oficio, contaba que o primeiro que lle ensinaron foi facer os fíos de coser. Facíaos con dous cabos, con tres, con catro, con seis e ata con doce. Tiña que facerlles as puntas coma se fora un só fío, cun largo que xeralmente era de dous metros. Os extremos dos fíos tiñan que ser moi finos para podelos meter nas agullas que empregaban para todo o proceso de feitura dun zapato: coser as gomias, preparar as formas, colocar a plantilla da sola, preparar os casquillos e os contrafortes, devastalos polas beiras para que fora doado montar as pezas, os cortes... Unha vez montadas as pezas, se as formas eran con prancha de ferro, cravábanse os cerquillos, pero se eran de chapa só no talón había que coselos, “empalmillos”. Esta tarefa era moi dura. Os fíos de dez e doce cabos, encerábanse ben coa pez e por riba del botábaselles cera virxe para que corresen mellor. Ao coser había que tirar moi rápido do fío e se se quentaban moito. Se se deixaban

D. José Lamigueiro Fornos paseando pola Coruña



arrefriar xa non andaban. Tirar do fío durante horas desfacía a un.

Coa chegada da Guerra Civil tocoulle ir a ela e foi ferido en dúas ocasións.

Ao vir da guerra, D. Jesús Blanco Castro, volve a chamalo para que siga co oficio. Máis tarde, D. Jesús marcha para Ferrol e déixao ao fronte da zapatería e, máis tarde, lla traspasaría. Sempre falou moi ben de D. Jesús, pois dicía que era moi boa persoa e que lle traspasara a zapatería cando un irmán de D. Jesús lle daba o dobre.

Casou con Adela Carballo Tojeiro e tivo tres fillos (dúas nenas e un neno): María Adela, Pepe e María del Carmen, neste orde.

O seu sogro era zoqueiro e aprendeulle a facer zocos que tamén vendía na zapatería.

Tiñan algún gando e atendían o negocio que levaba o nome da parroquia natal CASA RIBADEUME. A súa dona, Dona Adela, tamén reparaba as medias, as carreiras que se formaban nelas cando prendían nalgo e tiña moito traballo.

Dona Adela Carballo, finou no ano 1965 e Don José no ano 2005.

D. José Lamigueiro Fornos



Vizoso, Florinda, Adela e José diante da zapatería



D<sup>a</sup> Adela Carballo Tojeiro e D. José Lamigueiro Fornos





D. Rodrigo López Formoso

## 12/ D. RODRIGO LÓPEZ FORMOSO

Naceu en As Pontes de G<sup>a</sup> Rguez., o 7 de setembro de 1922. Os seus pais foron D. José López Caaveiro e Dona Carmen Formoso Vilasuso. Foi o segundo de cinco irmáns: Candelaria, Rodrigo, Pepe, Fernando e Luís.

Estudou no Grupo Escolar de Santa María.

O Servicio Militar fíxoo entre Tui e Madrid, onde formou parte e dirixiu unha banda militar sobre o ano 1942.

Sempre traballou por conta propia e, a súa profesión principal, foi a música, á que dedicou practicamente toda a súa vida. Dende mozo dedicouse a a ela, formando xa unha banda-orquestra que se desfixo ao iniciarse a Guerra Civil. Posteriormente, ao mesmo tempo que exercía de músico, exerceu como taxista. Ao longo da súa vida fundou e dirixiu a Orquestra Puentes, formou parte da banda Rías Altas, Banda de Ortigueira e fundou e dirixiu a Banda Municipal de As Pontes.

D. Rodrigo López Formoso e D<sup>a</sup> Candida Rubinos Bermúdez



D. Rodrigo e D<sup>a</sup> Candida cos fillos, Luís e Marina






Diante da zapatería

Casou con Dona Cándida Rubinos Bermúdez, que rexentou durante 35 anos “Calzados López”. Tiveron dous fillos: Marina e Luís.

Como zapateiro pouco exerceu, na zapatería (que estaba situada na Avenida de Galicia, Nº 66) tivo traballando con el a D. Manuel Criado Doval, que practicamente era o encargado do taller mentres el se dedicaba á música.

Un irmán de D. Rodrigo López, D. Luís López tamén exerceu de zapateiro con el durante algún tempo.



D. Antonio López Seco

### 13/ D. ANTONIO LÓPEZ SECO

Naceu na Pedrafita, Aparral, o 14 de xullo de 1946. Fillo de D. Ángel López Bouza e Dona Juana Seco Barro. Foron catro irmáns, tres rapaces, dous maiores ca el e unha rapaza, a máis nova dos catro. Eran anos da posguerra, polo tanto tempos difíciles e máis co problema físico que tivo. Foi a escola do lugar da Casilla, no Aparral, ata os oito anos, momento que lle aconteceu algo que o marcaría para o resto da súa vida. Un día, cando estaban sos na casa, a súa nai, a súa irmá e máis el, pois o pai estaba traballando na Empresa Calvo Sotelo, e os irmáns maiores tamén estaban fóra, sucedeu unha desgraza grande para aqueles tempos, comezou a arderlles a corte das ovellas. Un curmán veu a dar o aviso, cando a súa nai xa os estaba deitando. Naqueles tempos perder un rabaño de ovellas era perder a facenda. A situación debeu de ser confusa e de nerviosismo, pois Antonio pillou tal medo e susto no corpo que quedou moi afectado, tanto que lle quedou un problema de estabilidade ao camiñar, posiblemente porque se danou o seu sistema nervioso. Tivo que deixar de ir a escola e axudar na casa, principalmente, levando o gando a pacer cos problemas e situacións complicadas que por moitas veces se lle presentaron e que resolveu como boamente puido, tal e como me contaba.

Estivo case un ano aprendendo a zapateiro con Pepe da Casanova, nunha casa en Tras da ponte, que era onde vivía Pepe da Casanova e tiña a zapatería alí. Logo Antonio, púxose pola súa conta a zapateiro, nunha cabana que tiña a pé da casa na Mourela. Como el dí: “Eu fun zapateiro remendón. Botaba solas, poñía tapas aos zapatos... Isto é, reparaba os zapatos, nos os facía”. Un irmán maior, Vicente, foi zapateiro en Guitiriz e si os facía, ademais de reparalos.

#### 14/ D. ANTONIO LEOPOLDO OTERO PICOS

Naceu o día 14 de agosto de 1938, no lugar do Mariñao (As Pontes), fillo de D. Andrés Otero Pena e de Dona Consuelo Picos Castro. Foi o terceiro de oito irmáns.

De neno asistiu á escola da Garita e, coma moitos rapaces daquela época, durante pouco tempo, pois había que axudar na casa.

Na idade dos 17 aos 18 anos aprendeu a zapateiro con D. Julio Bellas Barro. Logo tivo que marchar a facer o Servicio Militar, no que traballou tamén de zapateiro.

Traballou nalgunhas zapaterías de As Pontes, coma na de Pepe de Sixto (Paxón) e na de Raúl Bellas.

No mes de xuño, o día 24, do ano 1967 casa no Freixo con Dona María Josefa Ramil Sueiro, natural do Couceredondo. Foron vivir a O Pulgón-O Freixo, onde nacerá o seu primeiro fillo, Javier. Tiveron dous fillos: Javier e Luís.

No ano 1968 deixou de traballar de zapateiro para pasar a traballar na construción. Do 73 ao 78 estivo de barrendista nas empresas de Auxini, Bazán e Darío. A comezos dos anos 80 traballaba nunha empresa auxiliar, na central térmica (Empresa Construciones e Contratas); na casa, na Avda. de Ortigueira, seguiu traballando de zapateiro durante 22 anos nun local que preparou na terraza, ata o ano 1996 que sufriu un infarto que propiciou a súa retirada da vida laboral. O oficio transmitiullo algo ao seu fillo Luís.



D. Antonio Leopoldo Otero Picos



Dona María Josefa Ramil Sueiro e D. Antonio Leopoldo Otero Picos

### 15/ D. JOSÉ ROCA PUENTES (PEPE ROCA)

Naceu o 2 de maio de 1936 en As Pontes de García Rodríguez. Fillo de D. José Roca e Dona Leocadia Puentes, foi o primeiro de sete irmáns. Naceu e medrou nos tempos da guerra e posguerra, polo que comezou a traballar dende moi pequeno; primeiro co gando, ao criarse nos seus primeiros anos, xunto aos seus tíos no lugar de Bermui, onde estivo ata os nove anos que veu para As Pontes.

Comezou a traballar de zapateiro alá polos anos 50. No ano 1964 comeza a traballar na Empresa Calvo Sotelo e, máis tarde, en ENDESA. Casou con Dona Amparo e tivo dous fillos.

Como zapateiro comeza nos anos 50. Primeiramente como aprendiz con Paxón (Pepe de Sixto), aprendendo a reparar o calzado; e logo, seguiu formándose con “Polo” na rúa Real, onde estivo varios anos. Logo puxo zapatería de arranxo na súa casa, na rúa Velázquez.

Ademais de reparar o calzado facía, de encargo, carteiras, fundas para instrumentos musicais, etc.

Familia Roca Puentes, ano 1957. De esquerda á dereita e de arriba a abaixo: 1ª Fila: Pura, Pepe, Manola Roca. 2ª Fila: Celso, Leocadia Puentes González, José Roca Barro, Pedro. 3ª Fila: Manolo e Mercedes.







D. José Roca Puentes, de mozo e de adulto



D. José Roca e Dona Amparo



D. José Roca Puentes





D. Alfonso Saavedra Prieto



Cartilla Militar

### 16/ D. FÉLIX ROMÁN VÁZQUEZ

Nacido en Villalpando, provincia de Valladolid. Fillo de D. Santiago Román e de Dona Domitila Vázquez. Foi o terceiro de catro irmáns: Segundo, Victoriano, Félix e Leonardo: Cando veu para As Pontes traballou para D. Alfonso Saavedra, primeiro ao lado da Cepa (Reloxería Carballeira) e logo onde está agora a zapatería Saavedra, na Avda. de Galicia.

### 17/ D. ALFONSO SAAVEDRA PRIETO

Naceu o 25 de agosto de 1926 no lugar de A Cruz, nas Enchousas (Somozas). Fillo de D. Julián Saavedra Abella e de Dona Rosa Prieto Pita. E foi o cuarto de once irmáns.

Fillo de labregos, con 15 anos vaise de aprendiz de zapateiro á localidade de As Somozas, situada a seis quilómetros e medio da súa casa, distancia que tiña que percorrer todos os días por camiños cheos de auga e lama. Alí aprendeu o oficio con D. Benedicto Blanco Castro, famoso zapateiro de As Somozas.

Fixo o Servicio Militar no ano 1947, sendo destinado a Ferrol e desempeñando o oficio de zapateiro para a Compañía. Como lle facía as botas e zapatos ao capitán, estaba ben estimado e gozou de diversos permisos para vir á casa.

Na primavera do ano 1948, co oficio xa aprendido, vén para As Pontes de Gº Rguez. e monta unha zapatería na Avda. de Castela, nº 6 - baixo, e que o compartía cun cereiro.

No taller comeza a traballar con D. Andrés Lamela, que xa era zapateiro tamén e cun aprendiz, D. José Luís Calvo. A principios dos anos 50 incorporouse ao taller D. Félix Román Vázquez, que viña da zapatería de Ribadeume e que traballará no taller da zapatería ata o seu falecemento nos anos 80, cunha traxectoria de 55 anos de oficio nesta localidade.

En 1959 abre a zapatería na Avda. de Galicia, 74. Traballando con el, D. Félix Román e D. Andrés Lamela. Tamén se incorpora ao taller D. Dominguez, profesional zapateiro que viña de Monforte e que o fútbol trouxo a esta localidade.



Máis tarde iranse incorporando outros aprendices (Tembrás, Serafín, Javier...) aos que Félix forma na profesión. Entre as moitas frases e consellos que lles daba estaba o de: “-Unha mala camisa faina calquera, pero para facer uns bos zapatos hai que ser un profesional”.

D. Andrés Saavedra combinou o traballo propio da zapatería coa compra de materiais e peles para curtir que lle traían á zapatería ou lle levaban ás feiras mensuais de Moeche, A Barqueira e San Claudio ás que acodía para poñer o seu posto de venda.

No ano 1955 casou con Dona Pilar Pérez Lois, coa que tivo catro fillos: Andrés, Pilar, Fernando e Chiruca.

Dona Pilar casou moi nova e fíxose cargo da zapatería cando o seu home ía ás feiras e mercados ou cando traballaba no taller.

D. Alfonso Saavedra Pieto e D<sup>a</sup> Pilar Pérez Lois  
 Título de familia numerosa



Carné onde figura como zapateiro.



D. David Sanjurjo e D<sup>a</sup> Emilia Paz López



Familias Felgueiras Sanjurjo e Sanjurjo Paz



D. David Sanjurjo Hermida



D. David e D<sup>a</sup> Emilia cos fillos

#### 18/ D. DAVID SANJURJO HERMIDA

Naceu en As Neves-Ortigueira, o 19 de setembro de 1932, fillo de D. Jesús Sanjurjo García e de Dona Josefa Hermida Paz. Foi o terceiro de catro irmáns.

Ata os doce anos, foi á escola de As Neves.

Aprendeu o oficio de zapateiro con D. Jesús Pico, da Hermida, un veciño de As Neves-Ortigueira.

Fixo o Servicio Militar no cuartel de Artillería en Ferrol.

Traballo de albardeiro e zapateiro na súa casa nas Neves e logo no seu traslado a As Pontes no ano 1960 continuou na casa de “La Estrella” traballando na zapatería co seu cuñado D. Manuel Felgueiras, el facía zapatos e botas de encarga e o seu cuñado arraxaba o calzado. Tivo varios aprendices: Pepe de Ramón, José de Lombao, Paco de Pedre e Ángel, do bar “A Cepa”.

Casou o 19 de setembro de 1963 con Dona Emilia Paz López, coa que tivo tres fillos: José, M<sup>a</sup> Teresa e Jesús. Dona Emilia traballou co seu home na tenda de zapatos ata a súa xubilación.

### 19/ D. JOSÉ ANTONIO TRASTOY CRUZ (TRASTOY)

Naceu no ano 1943, o día 20 de xaneiro, no lugar de As Bargañas, parroquia da Balsa e concello de Muras (Lugo). Os seus pais chamábanse Manuel Trastoy López e María Antonia Cruz Gómez, e tiveron seis fillos, el foi o maior: José Antonio, Carlos, Manuel, Eladio (faleceu de pequeno), Digna e Francisco.

Con trece anos vai ao lugar de Sangoñedo, na parroquia de Xerdíz, e concello de Ourel, a aprender o oficio co Señor Ramón, mestre zapateiro e alí botará tres anos e medio, ata ter o oficio. O xornal era aprender o oficio, o mantemento e o aloxamento semanal tal e como era habitual naqueles tempos. Os fins de semanas ía a casa para botar unha man nos traballos do campo e da casa.

Aos dezaseis anos e medio, monta unha pequena zapatería no lugar de Manzoi, na parroquia do Viveiró (Muras), lugar onde vivían os pais e irmáns. Alí traballaba facendo zapatos, alpargatas e arranxos, máis sobre todo de albardeiro, facendo molidas, monturas, cabezadas e todo tipo de ferraxe para o gando cabalar e vacún. Segundo contan traballaba moi ben o coiro.



D. José Antonio Trastoy Cruz

Casa mercada ao Sr. Purriños



Só mantén aberta a zapatería de Manzoi medio ano porque no 1960, o seu pai, Manuel Trastoy López, decide emprender un novo rumbo en As Pontes con toda a familia; eles, que eran “caseiros” no val do Viveiró venden todo o rabaño de gando que tiñan e co que sacan e os aforros que tiñan, mercan ao Sr. Purriños, no barrio da Casilla unha tasca-ultramariños-zapatería situada no número 28 (hoxe Bar Isabel).

Alí, seguen co mesmo negocio que tiña o Sr. Purriños, todos traballando na tasca-ultramariños e, Jose Antonio na zapatería (con arranxos de calzado e facendo alpargatas e zapatos artesanais, principalmente), ao mesmo tempo cos maiores tamén traballaban fóra do negocio familiar para ir aforrando e medrando.

Aos 20 anos tivo que ir á mili, destinado a Ceuta, onde pasará 18 meses sen poder vir á casar e exercendo de zapateiro no cuartel.

Ao volver do Servicio Militar, segue traballando na zapatería e tamén na mina cunha máquina de Auxini e logo conducindo un bulldog en Dragados e Construcións.

Nese ano, coñece á que logo sería a súa dona, Dona Remedios Polo Bermúdez.

José Antonio na mili (primeiro pola esquerda).



O 12 de outubro de 1967, casan na igrexa de Ladrela, parroquia de Piñeiro, concello de Xermade (Lugo), e a partir dese momento, o novo matrimonio vive con toda a familia na Casilla.

O negocio dos Trastoy foi a máis e mercan o solar que había no fronte e erguen un edificio de baixo e tres andares no N° 26, onde hoxe está o Bar Trastoy I. O baixo preparouse para bar-restaurante e ultramarinos, e o primeiro andar para sala de festas.

Ao inaugurar o edificio novo, José Antonio, amplía a zapatería a comercio na vella tasca-ultramarinos e vende xa calzado de fábrica e que será atendido pola súa dona, mentras el fai arranxos e elabora calzado artesanal na parte posterior.

Con el aprenden o oficio, o seu irmán Carlos, Prim (un veciño do barrio), Cartelidas e Siso da Ponte da Pedra. E Sito será o que vai estar, despois de falecer José Antonio, durante 7 meses atendendo os encargos que había na zapatería

Ao ano de abrir o comercio, péchano por falta de liquidez, xa que a xente empregaba moito o da “libreta” (- Anótamo, que xa che pagarei) e a fábrica de calzado cobraba ao día a mercancía.

Bar Trastoy I



Boda de D. José Antonio Trastoy e Dona Remedios Polo

D. José Antonio Trastoy Cruz e Dª Remedios Polo Bermúdez



Transformaron o local nun almacén de fariña, pois había moitas granxas e o negocio funcionaba mellor.

A parte traseira mantívoa como taller para seguir facendo algún arranxo e algunha elaboración de zapatos, ata o seu falecemento, acontecido o 25 de marzo de 1974, nun accidente na mina a idade de 31 anos.

A súa irmá, Digna, conta que os primeiros zapatos da súa vida foron os que lle regalou o seu irmá. E di que sempre lle rifaba porque andaba con calzado baixo, ancho e aberto. E el dícialle que o pé sempre tiña ir ir ben suxeito, para que non se lle deformara e tivera logo problemas neles. E reconece que tiña razón.

O 21 de abril de 1969, naceu a súa única filla,  
Susana Trastoy Polo



Zapato similar ao que lle regalou á súa irmá Digna





## OUTROS QUE TAMÉN DEBERÍAN ESTAR

A continuación relaciono outra xente que tamén debería estar neste traballo, pero polas razóns, que xa expuxen anteriormente, non están son:

D. Belarmino

D. Julio Bellas Barro

D. Benedicto da Guedella, morreu no Brasil, dunha coitelada.

Sr. Carballal, na Casilla.

D. Constante, tiña a zapatería ao pé da casa Mourela

D. Antonio Polo Bermúdez que aprendeu con Manuel Castro e instalou a zapatería na Rúa Real, logo no 1965 mercoulle a casa aos de Penadocurro e instálase na Avda. de Galicia.

Sr. Purriños, na Casilla

Sr. Ruca, na Avda. de Ferrol, onde está a panadería de Clara.

D. Sito do Roxo, na Pontedapedra, logo traballou con Purriños

D. Alfonso Tembrás, na Rúa Valle Inclán

D. Luís da Vilavella.

E moitos outros que estiveron aí exercendo este oficio nobre, como foi o dos zapateiros. A todos eles, vai dedicado este traballo.



# OS ZAPATEIROS NA CULTURA POPULAR DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ.

## EXPRESIÓNS

- Zapateiro aos teus zapatos! (Cada un no que coñece, ou no seu).
- Coma tres nun zapato! (Resposta que se dá cando lle preguntan a un como está, e atópase mal).
- Non me toques o zoco! (Dise cando andan a amolar a un e xa vai cheo de aturar).
- Ti anda tocando ben o zoco, veremos o que vai pasar! (Similar á anterior).
- Fuxiu batendo coas zocas no cu! (Escapou a todo meter por medo).
- Zapateiro fai os teus zapatos e deixa outros tratos (Cada un ao del).
- Á forza, nin o zapato entra (Pola forza, pouco se consegue).
- Cada un sabe onde lle aperta o zapato (Cada un coñece a súa debilidade).



## REFRÁNS

- O zapato do amigo, moito pez e ben cosido.
- Zapato de amigo, a sola queimada e fío podrecido.
- A zapato vello, bigoteira nova.
- O que leva zapatos brancos en xaneiro, ou non ten outros ou non ten diñeiro.
- Moita subela e pouco pez, para que volva outra vez.
- Zapato burgués, besta de andadura e amigo coruñés, pouco duran todos tres.
- Zapateiro mal calzado, xastre mal traxeado.
- Bo e barato, non cabe nun zapato.
- Cazadores, xastres e zapateiros, os máis embusteiros.
- Zapateiro remendón, nobre de profesión.
- Zapatiños de charol, nin para a auga, nin para o sol.

## ADIVIÑAS

- Dous irmanciños  
moi igualiños;  
e cando chegan a vellos  
abren os olliños.  
*(Os zapatos).*
- Por riba de ti estou,  
por baixo de min te teño;  
e pouco home hai ser  
se non che meto o que teño.  
*(O zapato).*
- Que será unha cousa, cousiña,  
valeira de noite e chea de día?  
*(O zapato).*



## TRABALINGUAS

- Tipe tape, tipe tape  
Tipe tape, tipitón  
tipe tape, zape, zape  
zapateiro remendón.
- Zipi zape zapateiro, zapateiro remendón,  
ponme un no nos meus zapatos,  
nos meus zocos ponme dous.

## LENDAS

Hai unha lenda, nun concello non moi afastado do de As Pontes, concretamente no de Cospeito que fala dunha cidade chamada Valverde (nome que nos é familiar) e de que esta vila foi asolagada. Nesta lenda non deixa de haber un certo paralelismo coa nosa lenda de Santa Eulalia (ou Olalla) e a vila asolagada de Valverde. E aínda que o contido das mesmas non é o mesmo, si o é o final ou consecuencia duns feitos que acontecen.

Ao parecer á vila de Valverde (Cospeito) chegou Xosé, María e mailo Neno Xesús. Comezaron a solicitar casa cuberta para pasar a noite e ninguén lla daba. Petaron nunha casa, noutra... e nada. E chegaron a unha, onde vivía un zapateiro. Chamaron á porta, abriulles o home a porta, máis non os deixou entrar por moito que lle rogaron e suplicaron. Ao final o zapateiro, anoxado, tirou, fortemente, a súa subela contra o grupo mendicante e esta foise espetar nun pé do Neno Xesús. O sangue que saíu da súa ferida asolagou a cidade do ruín artesán.



## CONTOS

### **A proba dos zapatos:**

Un home vai mercar uns zapatos e o zapateiro dálle a probar un par.

O home dille: – Gústanme ben; aínda que me son un chisco pequenos.

O zapateiro respóndelle: – Aos dous días agrándanse, home!

Ao que o home dille: – Ah! Moi ben! Pois veño logo dentro de dous días.

### **Os zapatos do defunto:**

Nunha parroquia do noso concello, había un enterrador ao que, de cando en vez, axudábao a súa dona. Contan que nunha ocasión foron sacar os restos dun nicho para poder enterrar un defunto da familia do alí enterrado. Cando o estaban a desenterrar viron que xa do home quedaba ben pouco, coma tamén da roupa que levaba, mais non así os zapatos que estaban aínda novos. Entón a muller dixo: – E ten os zapatos aínda novos!

Ao que seu home respondeulle: – Muller, e que moito non paseou!

## RECITADOS

- Cos mestres zapateiros  
tamén hai algo de todo;  
cando traballan para a feira  
bolen de moito demonio.
- Fanlle uns fondos aos zapatos  
que chaman moito a atención,  
de cascas de castiñeiro  
e anacos de cartón.
- E se ven algunha encarga  
xa lle din ao criado  
que traia sola da máis frouxa  
para que volvan de contado.



## CANTIGAS

- “Eu ben vin estar o cuco  
na pola do castiñeiro,  
coa subela na man  
aprendendo a zapateiro.
- Tamén vin a rula  
na pola da maciñeira,  
coa agulla na man  
aprendendo a costureira”
- Para ladróns son os xastres,  
tramposos os zapateiros,  
os cegos son moceiriños  
e borrachos os gaiteiros.
- Zapateiro que me rondas  
á porta do meu curral,  
vaite de aí, zapateiro,  
que me queres zapatear.

## PEGADILLAS DO ANTROIDO

- Viches o gato?
- Que gato?
- O que mexou no teu zapato!
- Tes sede?...
- Si!
- Pois mexa na zoca e bebe!
- Que toca? Que toca?
- Un zapato e unha bota!



## FORMULIÑAS PARA BOTAR A SORTES

- Botón, botón  
da bota boteira,  
chiribitón!  
fóra quen queira  
vestido e zapato,  
que saia o número 4.  
Un, dous,  
tres e catro.
  
- Una, dos, tres y cuatro...  
Mi abuela mató un gato,  
con la punta dun zapato.  
El zapato se perdió  
y mi abuela no lo encontró,  
Zapatito blanco,  
zapatito azul,  
dime cuantos años  
tienes tú.
  
- Ocho (seis, siete, nueve...)
  
- Uno, dos, tres, cuatro..., ocho.





## XOGOS

### **Un, dous, tres! Zapatiño quedo é!**

– Un, dous, tres! *Zapatiño quedo é!*

O que panda di esta frase sen mirar para os outros participantes, que teñen que chegar ata onde está o que panda. Ao rematar a frase, olla cara atrás e se ve moverse a alguén debe volver ao punto de saída e comezar de novo. O último que chegue á panda, tócalle pandar.

### **O cinto**

(Inclúo este xogo do cinto, porque os cintos tamén os facían os zapateiros con coiro e unha fibela que lle cosían, ou con remaches)

Primeiro bótase a sortes entre os participantes, para ver quen panda. O que lle toca de pandar, pillá o cinto pola fibela; o resto dos participantes séntanse formando unha roda ou círculo. O que panda, levando o cinto na súa man, dará voltas por detrás dos outros. Cando queira, deixarao caer detrás de alguén e correrá dando tres voltas completas sen sentarse e procurando que, ao que lle tirou o cinto, non lle zorregue con el. Á terceira volta sentarase no sitio que quedou libre. Unha vez que se empeza a correr nunha dirección non se pode variar. Se o que panda, dá as tres voltas completas e o que ten o cinto detrás non se decata, tocaralle nas costas e quedará eliminado. E se a alguén lle dan co cinto, tamén queda eliminado.

Ás veces, tamén se xogaba cun xornal envolto.

Este xogo é similar ao do pano por detrás. Neste, non se daban tres volta, cunha chegaba.





## GALERÍA FOTOGRAFICA

Coma en números anteriores, incluímos as fotos que temos no Museo Etnográfico sobre o tema do Caderno, neste caso as de zapateiros e das que practicamente non tñamos ningunha, agás as que me foron facilitadas para este traballo, polo que van incluídas aquí, mais a tamaño distinto.









